

Educación Musical (Infantil)

Proposta de actividade (voluntaria).

Materiais: Reprodutor de youtube (calquera das súas variantes)

Canción: Cho-co-cho-co-la-te. (Cantajuegos)

Dirección web: <https://www.youtube.com/watch?v=tWhNIB6CDA0>

(En caso de non funcionar poñemos nun buscador: “Chocolate cantajuegos” e xa aparece).

Desenvolvemento:

Esta semana popoñemos unha canción por todos coñecida, chocolate, que está enfocada a realizar movementos coas máns que nos axudarán a desenvolver a motricidade grosa e a interiorizar ritmos coas máns.

Para elo debemos:

- Escoitamos a canción e observamos os xestos.
- Aprendemos de un en un cada golpeo por separado:
Choco= golpeamos coas palmas das máns abertas cara abaixo.
la=golpeamos coas palmas das máns abertas cara arriba.
te= golpeamos cos puños pechados.
- Agora que xa sabemos os golpes combinámoslos cantando nós a letra da canción.
- Finalmente sentados, no chan, coas pernas cruzadas, seguimos a canción e imos apurando os movementos.

*Para os alumnos de 4º de Infantil (3 anos) podemos facer a variante de:

Choco= golpeamos coas palmas das máns abertas cara abaixo.

La e te= aplaudimos

Xa que lle resultará máis doado traballar a dous planos que a tres.

Outras propostas:

Se vos gustou a canción xa todos coñecedes ós nosos amigos de Cantajuegos que sempre nos proporcionan cancións e xogos moi divertidos.

Aquí vos deixo o enlace para os que queirades entrar no seu canle de Youtube:

<https://www.youtube.com/channel/UCP6YCSvxq2HEX33Sd-iC4zw>

Lembrede : “A música é o son das vosas vidas”.

UNHA APERTA E ESPERO VERVOS MOI PRONTO